



**Comité Intercentros  
Universidade de Vigo**

No Pleno do Comité Intercentros celebrado o pasado 28 de maio de 2003 din conta do súa invitación a que participásemos, coma órgano, na selección do persoal da OFOE.

O comunicado que se acordou facer público tras a reunión extraordinaria celebrada o 14 de abril, expresa claramente cal é a opinión deste Órgano con respecto a incorporación da OFOE á Fundación Universidade de Vigo. No mesmo escrito o CI esixía, no caso de realizarse a integración, o seu dereito a participar nos procesos selectivos que se realizaren.

A incorporación da OFOE a FUVI foi decidida deixando á marxe ao Consello de Goberno e ao Claustro Universitario, órganos de goberno e decisorios da Institución, pendentos de que se aclare se o modo empregado cumpre o que din os Estatutos da Universidade de Vigo e a normativa vixente, o Pleno do CI, maniféstase unánimemente partidario de aceptar a súa invitación para participar na próxima selección de persoal para a oficina de orientación ao emprego, nos termos expresados para este fin, no actual Convenio Colectivo.

O CI, acorda tamén, propoñerlle a publicación dun anuncio na prensa como o mellor método para facer a escolla de persoal, ao entender que deste xeito garántese a participación de calquera aspirante que o desexe. O Pleno aposta por esta vía, asemade, polos problemas detectados en anteriores seleccións realizadas con envío de currículos por parte do Servizo Galego de Colocación. E por último, outra razón de peso para escoller esta modo de selección, é que desta forma permitiríamos que as persoas agraviadas pola selección do ano 2003 (aínda sen concluír) puideran, se así o desexasen, participar.

O SECRETARIO DO  
COMITÉ INTERCENTROS

Asdo.: Manuel Velasco Graña

**SRA. SECRETARIA DO CONSELLO EXECUTIVO DA  
FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO**